

BEARIZ

Descubre a **maxia**



ROTEIRO DE ALVITE:

- 1 Presentación
- 2 Tramo 1: De Alvite a Chancela
- 3 Tramo 2: Chancela e Lebozán
- 4 Tramo 3: Barcia e Muradás

ROTEIRO DE GARFIÁN:

- 5 Presentación
- 6 Tramo 1: Comezo do roteiro ata a Bouza
- 7 Tramo 2: De Ceo da Bouza á área recreativa de Barcia
- 8 Tramo 3: De Barcia a Garfián

ROTEIRO DE MAGROS:

- 9 Presentación
- 10 Tramo 1: Aldea de Magros
- 11 Tramo 2: Castro de Magros e Marcofán
- 12 Tramo 3: Minas de Marcofán e Beariz

ROTEIRO DE XIRAZGA:

- 13 Presentación
- 14 Tramo 1: Subida a Outeiro da Cruz
- 15 Tramo 2: Santo Domingo a Portela da Cruz
- 16 Tramo 3: Baixada ao río e Doade




Accede a Web do Concello de Beariz e descarga a túa **AUDIOGUÍA**

www.beariz.org



ROTEIRO DE GARFIÁN



- Inicio
- Roteiro de Garfián
- Estrada
- Río
- Pistas incorporación
- Aldea
- Fraga
- Castro
- Petroglifos
- Fonte
- Muiño
- Mámoa
- Capela
- Vista panorámica
- Área recreativa
- Ponte

PRESENTACIÓN

As augas dos ríos en Beariz corren cara o sur, cara río Avia, en lugar de ir cara o Suroeste como no resto da comarca. Os vales son abertos e de orientación sur, con máis horas de sol e lixeiramente máis cálidos que os veciños do Norte. O roteiro de Garfián rodea o monte do Ceo da Bouza para baixar atravesando a agradable área recreativa de Barcia.

O roteiro de Garfián é un agradable paseo de alto quilómetros polo centro e sur do Concello de Beariz que vai discorrendo entre subidas e baixadas entrelazadas. A sombra acompaña nos primeiros e últimos quilómetros mentres na zona alta as vistas panorámicas adquiren o protagonismo. O roteiro permite coñecer a maioría de elementos característicos de Beariz como pequenas aldeas, antigos xacementos megalíticos e agradables zonas para descansar á sombra xunto a regatos.


Todo o percorrido é transitable a pé, en bicicleta de montaña ou quad. No caso dos todoterreos será preciso dar un rodeo na Aldea da Bouza. Non se colle o camiño marcado á dereita, que é estreito, seguindo de fronte ata atopar unha pista máis ampla á dereita pola que subiremos atentos para atopar as sinalizacións da ruta. Ao chegar ao depósito de auga hai que coller cara á esquerda pola pista que sobe pouco a pouco e que xa está sinalizada.

Para comezar o roteiro hai que dirixirse á aldea de Garfián para, unha vez atravesada, estar atentos ao cartel descritivo que atoparemos á nosa esquerda. Comeza o roteiro polo camiño que sae ao lado do cartel.


Garfián é unha pequena e recollida aldea na parte do Sur de Beariz. Conta cunha casa rural e está rodeada de fragas de carballos e castiñeiros principalmente. A orientación ao sur e protección das pequenas montañas soe ofrecer un clima soleado e pouco ventoso.



ROTEIRO DE GARFIÁN



www.beariz.org



A ruta comeza por un bonito camiño entre Carballos. Á dereita está o castro de Garfián pero propoñemos deixar a visita, gabeando polas escarpadas murallas, para o final da ruta.

Moi próxima está a necrópole de Garfián. Denomínase así a un conxunto de cinco túmulos que non están escavados. Para identificalos hai que fixarse porque cada pouco observaremos uns montículos no terreo que son en realidade as Mâmoas. Trátase dunha especie de dolmens. Son unhas construcións de fai varios miles de anos. Estas increíbles tumbas teñen unha parte principal constituída por unha serie de pedras que se colocan verticalmente facendo un círculo, e sobre estas colocábase unha gran lousa a modo de teito. O que se pode ver enriba de cada mámoa é unha especie de cráter porque a lousa do teito foi sacada ó esquilmalas. As mámoas aparecen sempre cubertas despois de terra, estando as lousas visibles só no caso de seren escavadas. Neste caso están todas na súa forma orixinal, cubertas de terra, para favorecer así a súa conservación. Do 4º ao 2º milenio antes de cristo son as datas nas que se soen fechar estes megallitos cuxa abundante presenza foi unha das orixes da sona de bos canteiros que ten a zona ven de moi atrás.

A fraga de pequenos Carballos lévanos, a través de antigos camiños nun agradable paseo sen dificultades orográficas. Tras case un quilómetro entre carballos e piñeiros chégase á estrada que se seguirá ata a aldea da Bouza.

A Bouza é unha pequena aldea con casas tradicionais e antigas. O nome deriva do céltico baudea que significa Terreo que está a monte, inculdo e cheo de matos, especialmente toxos, xestas e arbustos. Todas estas especies aparecen en abundancia entre as plantacións de piñeiros comezan a dominar as ladeiras do Ceo da Bouza.

É momento de coller auga, xa que imos comezar a subir ata chegar a zonas soleadas onde non hai fontes. Existe no pobo unha fonte que aínda que non é milagreira, non só apaga a sede, quita as penas, rega as hortas, lava as casas e farta ós animais senón que ten o raro don de darlle velocidade á lingua para falar. Din que a xente da Bouza apura a falar porque bebe auga da Fonte da Gilata.

No medio da aldea vemos un camiño antigo á dereita, no medio das casas. É un camiño vello e moi húmido onde se poden notar o desgaste de séculos causado polas pegadas das rodas dos antigos carros de bois que foron dando forma ás pedras sobre as que camiñamos. A auga nace máis arriba, onde veremos un depósito e aí xiramos á esquerda pasando xa así a pistas máis anchas e soleadas que nos permitirán rodear o Ceo da Bouza antes de comezar a baixada de volta.

COMEZO DO ROTEIRO ATA A BOUZA

Deixamos á dereita o depósito da auga e seguimos de fronte cara outra pista que nos permitirá apreciar das vistas da parte Oeste do concello. Pronto estaremos rodeando o Ceo da Bouza, onde se pode ver un conxunto de petróglifos a base de coviñas esculpidas no xisto.

Estamos entre plantacións de piñeiros pero algunhas zonas abertas vannon permitir divisar a forma e contorno das aldeas de Alén, Xirazga e Doade. A panorámica déixanos ver claramente as carballeiras e bosques de ribeira das zonas baixas alternados con terras de cultivo rodeando as aldeas. As terras de cultivo soen estar cara o sur, na parte máis baixa, onde abunda a auga. Ao ir subindo a vista aparecen os piñeiros e nas zonas máis altas xa dominan os toxos e xestas. Cara o Oeste apréciase os aeróxeneradores alimentados polo incesante vento da costa xa que non hai montes máis altos de aí ata as rías baixas.

Tras rodear o monte comeza a baixada pero é preciso precaución se vas nun vehículo xa que pode haber, ao principio, pedras soltas e regos nunha pista con bastante desnivel que a fan perigosa se non se aborda con precaución.

Dende o alto, no lugar dos Rebordiños, iremos baixando por unha pista na que as árbores que nos acompañan volven a pasar do piñeiro ao carballo ata a atopar, na área recreativa de Barcia, as especies máis características de ribeira como bidueiros, salgueiros e ameneiros. Xunto ós carballos son o complemento perfecto ao dar sombra a esta acolledora área de descanso.

Na área recreativa de Barcia pódese descansar á sombra e recoller auga na fonte mentres escoitamos como se confunde o son da auga co das polas movidas polo vento. Neste recuncho de paz pódese pasar un rato xa que o que queda de ruta é moi doado e así podemos apreciar as árbores, insectos e anfibios que o enchen de vida. Distinguiremos as árbores facilmente polas follas.

A folia do bidueiro é pequena e caediza, está dentada e vaise estreitando ata formar unha especie de punta de frecha. A súa madeira branda fixoo materia prima predilecta nos apeiros de labranza ou fabricación de zocas.

O salgueiro non ten follas dentadas e a medida que se fan grandes son máis alongadas, tres veces máis longas que anchas, e máis anchas cara o final rematando de forma redondeada ou cunha punta moi pouco afiada. A cortiza desta árbore e a base dun medicamento moi coñecido, un dos máis importantes da historia que é a aspirina.

O ameneiro ten unha folia moi característica porque é redondeada e dentada pero non remata en punta nin ten forma de corazón na parte baixa diferenciándose así da aveleira. Esta madeira tamén se usou moito para facer zocas e eixos dos carros e as follas son un bo remedio para os pés cansados.



TRAMO 1

A PISTA NO MONTE E BARCIA

Ao saír da área recreativa de Barcia sôbese volviendo á pista asfaltada para rodear o colexio xirando á dereita. Baixando enlazamos coa estrada principal pero de seguido atópase, á esquerda a Ponte Pedriña, unha ponte de orixe medieval.

O último tramo lévanos novamente á Carballeira na que comezamos que poderemos cruzar observando novamente o Castro de Garfián.

O castro é un antigo poboamento. Sôense datar dende arredor do século V ou VI antes de Cristo estando normalmente habitados ata a época romana. Están sempre en zonas elevadas e fortificadas supoñéndose que os poboadores eran seminómadas dedicándose principalmente á agricultura. É evidente que para os nosos antepasados a defensa era unha prioridade. No cercano castro de Magros o terreo é aínda máis escarpado e pode visitarse noutro dos roteiros do concello de Beariz.

No castro pódese observar un alxibe e petróglifos. Un alxibe é un depósito utilizado para recoller augas pluviais. O Castro é un labirinto de toxearas, xestas e todo tipo de silvas que fai difícil velo na distancia pero está ao lado do camiño. O castro ten unha imponente muralla só por un dos lados. Hai que gabear por este alto e toxoso parapeto para conseguir acceder ao interior. Un alxibe aberto na pedra - que aínda acumula augas -, e nun dos lados desta cisterna, tres cabalos a diferentes tamaños, que parecían correr en perspectiva cara estas augas.

O carballo é perfectamente recoñecible pola folia lobulada que remata en forma de corazón. A súa madeira dura e leñosa facíao unha fonte de polas para o lume do lar, madeira para mobles e construción. Quen ten a sorte de que lle soe un carballo ben dereito terá unhas excelentes trabes para a casa aínda que soen ser retortos. As landras son alimento para o gando, porcos principalmente.

Así remátase a ruta na aldea de Garfián, que conta cunha casa rural, fragas e tranquilidade. As pistas que saen cara abaixo, en dirección oposta á da ruta, achegarannos tamén ao río, a recunchos encantadores en fértiles bosques de ribeira ou ó muiño de Guerra se nos desviamos da pista que leva cara a Ponte medieval de Baiste, sinalizada no lado oposto da aldea.

Na parte baixa de Garfián pasa un río que marcaba a fronteira sur da histórica comarca de Terra de Montes. Os xeógrafos discuten se o río que pasa é o Avia ou un afluente deste. No pasado coñecía-se de forma oficial como río Avia xa que en 1135 fúndase o mosteiro de Acibeiro, en Forcarei, correspondéndolle ao Sul o límite do río Avia "ao seu paso polas parroquias de Xirazga e Beariz". Nesta zona denomínase, sen embargo, río Doade ao citado regato. O río chegará ao encoro de Albarellas para despois, xa máis caudaloso, marcar o fondo do val do Ribeiro: moi coñecido polos seus viños. Máis abaixo unírase ao Miño na histórica vila de Ribadavia.



TRAMO 2

BARCIA A GARFIÁN

TRAMO 3